

# ENTROIDO CONCELLO DE MUXÍA. EXTRACTO DAS BASES PARA O CONCURSO DE DISFRACES

## Bases

-É obxecto destas bases regular as normas que rexen o concurso de disfraces que se desenvolve na festa de entroido do Concello de Muxía.

-Poderán participar tódalas persoas, asociacións, comunidades, colectivos e grupos de persoas que o desexen. A participación no concurso de infantil é para nenos e nenas de ata 12 anos de idade.

-Para o concurso de comparsas e grupos, estes deberán estar formados por un mínimo de cinco persoas e as actuacións non poden exceder dos 30 minutos.

-Para a categoría de comparsas e grupos, os participantes deberán inscribirse previamente no Concello de Muxía. **O prazo para inscribirse é ata o xoves 28 de febreiro.**

-En canto aos premios, tanto para categoría infantil, adultos, grupos e comparsas, entregaráselles un vale que deberán entregar no Concello en días sucesivos xunto coa documentación requirida para facer efectivo o pago do premio.

Os premios faranse efectivos por transferencia bancaria, no número de conta que se indique na documentación a presentar (adxuntando certificación bancaria do número de conta).

En todo o proceso aplicarase o regulamentado na normativa vixente en cada momento, (especialmente en materia de retencións IRPF, subvencións e facendas locais)

-Os premios a entregar son os seguintes:

### INFANTIL

1º PREMIO..... 100 €

2º PREMIO..... 50 €

3º PREMIO..... 25 €

### ADULTOS

1º PREMIO.....150 €

2º PREMIO.....100 €

3º PREMIO.....50 €

### GRUPOS E COMPARSAS (coplas ou actuacións escénicas , musicais ou baile, mínimo cinco persoas)

1º PREMIO.....1.000 €

2º PREMIO.....500 €

3º PREMIO.....250 €

-O xurado estará composto por:

- Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue
- Concelleira de Cultura
- Un traballador/a do Concello
- Dous representantes de Asociacións do Concello

**Pode consultarse o texto completo das bases na web municipal [www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)**